

FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

C E R T I F I C O: que o Pleno da Corporación Provincial, na sesión extraordinaria do día **23 de xullo de 2015**, adoptou, co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14), o dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o seguinte acordo:

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2015.

1º) Aprobar inicialmente a modificación inicial da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial para o exercicio 2015, e o Anexo de Persoal, no seguinte sentido:

A) No Servizo de Presidencia, dentro do Gabinete de Presidencia, créanse os seguintes novos postos de traballo, coas súas correspondentes prazas reservadas a persoal eventual:

1 Xefe do Gabinete da Presidencia, Persoal Eventual asimilado ao Grupo C1. Nivel 22. Posto singularizado. Complemento específico: 27.840,94 €/ano. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

1 Asesor de Proxectos Estratéxicos, Persoal Eventual asimilado ao Grupo C1. Nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 €/ano. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

B) No apartado de persoal ao servizo dos grupos políticos, créanse os seguintes postos de traballo, coas súas correspondentes prazas reservadas a persoal eventual:

3 Técnicos medios de asesoramento ao Grupo Popular. Persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Popular. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

4 administrativos de asistencia ao Grupo Popular: Persoal eventual asimilado ó grupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 €. Forma de

provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Popular.
Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

1 Técnico medio de asesoramento ao Grupo Socialista. Persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Socialista.
Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

1 administrativo de asistencia ao Grupo Socialista: Persoal eventual asimilado ó grupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo Socialista.
Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

2 Técnicos medios de asesoramento ao Grupo de Democracia Ourensana. Persoal eventual asimilado ó grupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 €. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo de Democracia Ourensana. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno. En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor, con efectos do 24 de xullo de 2015.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o vinte e tres de xullo de dous mil quince.

V. e pr.

O PRESIDENTE,